



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

GALICIA
LABORAL**LOITA**
polo **TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 864 Semana do 6 ao 12 de decembro de 2020

A ESTACIONALIDADE, A ROTACIÓN E A BAIXA CALIDADE DAS CONTRATACIÓNS SON AS EIVAS DO MERCADO LABORAL GALEGO

Redacción.- O mercado laboral galego segue a amosar moitas eivas: desemprego aínda en cifras elevadas, temporalidade na contratación, fenda por sexos, estacionalidade, etc. As cifras de desemprego sitúanse en 165.308 persoas, o que supón unha diminución do 0,21 por cento sobre o desemprego do mes de novembro deste ano. En termos porcentuais a caída é inferior en Galicia, o 0,21 por cento menos, fronte ao 1,08 por cento de redución do Estado. UGT-Galicia segue insistindo na necesidade de derrogar as reformas que lastran o mercado laboral e só serviron para darlle máis inestabilidade e para favorecer a precariedade.

Se temos en conta a variación inter-anual, hai en Galicia unha contracción do 2,4 por cento, 3.987 persoas desempregadas menos, e neste caso cunha contracción maior que na media estatal, onde foi do -1,21 por cento (38.692 persoas desempregadas menos).

Por sexos, no mes, hai unha evolución do desemprego dispar, prodúcese un aumento no caso masculino, nun 2,33 por cento, e caída no feminino nun 2,08 por cento. No ano, hai unha contracción en ambos sexos do 2,34 por cento en homes e do 2,37 por cento en mulleres. Aínda así, as cifras falan por si mesmas, 71.666 homes e 93.642 mulleres. Do total de desemprego o 56,6 por cento é feminino.

Son 7.652 os mozos e mozas menores de 25 anos desempregados, contráense no mes un 8,86 por cento. Moitos son os mozos e mozas que atopan un emprego durante os meses de Nadal pero como se comproba este emprego é temporal e estacional, con pouca vixencia. No ano a caída é tamén maior que á do conxunto de idades, nos menores de 25 anos diminúe nun 2,62 por cento.

No mes, ao analizar por sectores de actividade, prodúcese un forte aumento, do 7,76 por cento, na construción (de ahí a evolución de aumento no paro nos homes, ao ser este un colectivo masculinizado); un aumento no sector primario do 3,81 por cento; tamén mal dato na industria, o 3,3

por cento de aumento. Polo contrario, no mes cae moito no colectivo de sen emprego anterior, 4,6 por cento menos e contráese tamén nos servizos, 1,35 por cento.

No ano prodúcese unha forte contracción en todos os sectores, do 5,87 por cento menos na construción; do 5,7 por cento na industria; e nun 4,42 por cento menos no primario. Tamén hai unha destacada caída no colectivo de sen emprego anterior, cunha caída do 5,2 por cento e, no que menos, nos servizos, unha evolución do 0,85 por cento menos.

Por provincias, caída acusada en Lugo no mes, o 1,36 por cento; con menor intensidade en Ourense, cunha caída do 0,96 por cento; en Pontevedra a caída é do 0,41 por cento; e, polo contrario, un incremento na Coruña do 0,49 por cento.

No ano, hai unha contracción acusada nas provincias de Ourense e Pontevedra, 3,87 e 3,26 por cento menos, respectivamente. Menos acusadas son as caídas do 1,42 por cento na Coruña e en Lugo do 0,7 por cento.

Cos datos de decembro conséntase que se fixeron 77.798 contratos no mes. Hai un aumento con respecto ao mes anterior, en 1.576 contratos máis e 5.547 contratos máis que no mesmo mes do ano do anterior.

Pola contra, hai unha fortísima contracción no mes de indefinidos, 14 por cento menos, o que supón un aumento do 3,6 por cento nos temporais. Isto reflicte un dos graves problemas do mercado laboral galego, que non é outro máis que a temporalidade e a inestabilidade.

Se tomamos os datos anuais prodúcese a mesma evolución: hai unha contracción dos contratos indefinidos e aumento de temporais, unha evolución do 8,9 por cento menos e do 9,2 por cento máis, respectivamente.

Isto da como resultado que a porcen-



taxe de contratación indefinida é mínima, 7,3 por cento (no ano anterior foi algo máis alta, o 8,62 por cento).

Hai en Galicia 91.735 persoas beneficiarias de prestación por desemprego en novembro (último dato disponible), cun 60,5 por cento de taxa de cobertura (moi por debaixo ao 64,8 por cento no Estado).

Tamén é destacable que a cobertura por desemprego é maioritariamente asistencial. Do total de persoas beneficiarias de prestación por desemprego, 42.595 son persoas con prestación contributiva, o 46,4 por cento do total, 42.288 de subsidio por desemprego, 6.850 de renda activa de inserción e 2 de Programa de Activación para o Emprego.

En Galicia a contía media da prestación contributiva percibida por beneficiario (euros/mes) é de 814,7 euros, mentras que no Estado é superior, 846,9 euros. Sube o importe medio debido á incorporación de traballadores con cotización ao desemprego.

A afiliación sitúase en Galicia no mes de decembro en 1.020.259 persoas, o que supón un descenso con respecto ao mes anterior de 3.331 afiliados, o 0,33 por cento de redución. Se a comparación a facemos co mesmo mes do ano anterior hai un aumento do 1,41 por cento.

Con respecto á evolución do Estado, a cifra de afiliados/cotizantes é de 19.408.538. Se ten aumentado no mes (ao contrario que en Galicia) o 0,16 por cento e cun aumento interanual moito máis elevado que o rexistrado en Galicia, o 2,02 por cento máis.

UGT-FICA-GALICIA ANALIZA AS PAUTAS DE TRABALLO NO EIDO DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA E ACCIÓN SINDICAL DE CARA AO 2020

Redacción.- UGT-FICA-Galicia organizou, durante o día de hoxe e onte, as Xornadas de negociación colectiva e acción sindical 2020 co obxecto de abrir a axenda de traballo deste ano e fixar as pautas a seguir de cara aos vindeiros meses.

O xoves, o acto de apertura correu a cargo do secretario xeral de UGT-FICA, Pedro Hojas; a secretaria xeral de Emprego da Xunta, Covadonga Toca; e a vicesecretaría xeral de UGT, Cristina Antoñanzas.

A continuación abriuse o primeiro panel sobre “A negociación colectiva en Europa” que desenvolveu Jesús Cruz Villalón, catedrático de Dereito do Traballo e Seguridade Social da Universidade de Sevilla e presidente da Comisión consultiva de convenios colectivos. O segundo panel, “A negociación colectiva para colectivos específicos. Mocidade, Mulleres e LGTBI”, o abordaron a vicesecretaría xeral de UGT Cristina Antoñanzas e o voceiro



de RUGE-UGT, Eduardo Magaldi.

Xa pola tarde, as máis de cen delegadas e delegados convocados ás xornadas puideron escoitar a análise da “Negociación colectiva nas comunidades autónomas” da man de Manuel Jiménez, secretario xeral de UGT-FICA-Andalucía.

Ao longo desta mañá o debate xirará ao redor de “Que novo estatuto?”, cuxa ponencia desenvolverá José María Miranda, profesor titular de Dereito do Tra-

ballo e Seguridade Social da USC; e tamén se expoñerán as conclusións das xornadas federais de acción sindical e negociación colectiva. Exposición que fará Jesús Ordóñez, secretario de Acción sindical de UGT-FICA.

Xa, para rematar, a última hora da mañá de hoxe, terá lugar a clausura na que intervirán o conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta, Francisco Conde; e o secretario xeral de UGT-FICA-Galicia, Javier Carreiro.

ESTA LEXISLATURA TEN QUE SER UNHA OPORTUNIDADE PARA IMPULSAR POLÍTICAS DIRIXIDAS ÁS PERSOAS

Redacción.- UGT solicita aos partidos políticos altura de miras e que abandonen a guerra partidista promovendo políticas que velen polos intereses xerais da poboación. Reclama que nesta lexislatura se priorice unha política económica que facilite a repartición da riqueza, favoreza o emprego estable e con dereitos e aposte pola recuperación e fortalecemento do Estado de Benestar.

Así mesmo, é preciso recuperar o equilibrio nas relacións laborais, subir os salarios máis baixos (polo menos ata os 1.000 euros ao mes), vincular a revalorización das pensións ao IPC e seguir avanzando nas políticas de igualdade a todos os niveis.

Políticas que deben reflectirse na aprobación duns Orzamentos Xerais do Estado que atendan as necesidades sociais e que deben ser referendados pola maioría parlamentaria.

A pesar de levar 5 anos de crecemento, España continúa sendo un dos países máis desiguais da UE, temos aínda máis de tres millóns de persoas en paro, e case a metade deles leva máis dun ano nesta situación. Unha de cada cinco persoas atópase en risco de pobreza (o 26% dos menores de 16 anos e o 14% de quen ten un emprego); a brecha salarial das mulleres é dun 20%; e mentres as re-

tribucións dos altos executivos das empresas do IBEX 35 son 130 veces superiores ao salario medio da súa compañía. Todos estes datos indican que España, aínda crecendo máis que o resto dos países europeos, non vai ben e necesita un Goberno progresista que cambie a orientación das políticas.

Neste sentido, UGT lembra o decálogo sindical entregado aos partidos políticos para mellorar a vida das persoas. Antes de iniciar a negociación para alcanzar un novo Estatuto dos Traballadores é fundamental derrogar as dúas últimas reformas laborais, en especial a de 2012, a normativa da precariedade laboral. É imprescindible incrementar máis o Salario Mínimo Interprofesional ata alcanzar o 60% do salario medio, tal e como recolle a Carta Social Europea suscrita por España.

Así mesmo, hai que blindar por lei a revalorización das pensións conforme ao IPC, para asegurar unha vida digna aos nosos maiores (isto require derrogar a reforma unilateral do PP de 2013); adoptar políticas de vivenda eficaces, que aumenten a súa accesibilidade para as persoas mozas; acelerar a transición ecolóxica, compatibilizando o desenvolvemento económico coa sustentabilidade ambiental; seguir promovendo unha maior igualdade entre mulleres e homes e

erradicar todo tipo de discriminación.

É importante un Goberno valente e progresista que non se deixe guiar por lobbies cuxo único interese é incrementar a súa conta de resultados á conta da perda dos dereitos das traballadoras e traballadores. Un Goberno que afronte unha reforma fiscal integral máis xusta e equitativa, na que paguen máis os que máis teñen, e con capacidade recadatoria suficiente para garantir e impulsar o noso Estado de Benestar e conformar un sistema de protección social forte (neste sentido, é necesario unha Prestación de Ingresos Mínimos en liña coa promovida polos sindicatos, a través da Iniciativa Lexislativa Popular, e que actualmente está nun limbo ante o bloqueio político)

UGT rexeita que as finanzas do noso Estado siganse sustentando nas rendas do traballo, mentres a elusión, a evasión e a fraude fan que a nosa facenda pública deixe de recadar 80.000 millóns ao ano. O sindicato espera que, tras a conformación do novo Goberno, solicítese o apoio parlamentario preciso para aprobar uns Orzamentos Xerais do Estado para 2020 expansivos e que atendan as necesidades sociais (non hai que esquecer que comezamos este ano cuns orzamentos prorrogados dúas veces e que proveñen do último goberno do PP).

UGT QUERE FORMAR PARTE DO CAMBIO E RECLAMA DIÁLOGO SOCIAL

UGT presenta as prioridades de cara ao novo ano



Redacción.- O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, afirmou que “UGT vai estar ao fronte dos cambios que require o noso país. Queremos dialogar, discutir, negociar e acordar co novo Goberno aqueles elementos fundamentais que nos permitan que o noso país reparta a riqueza de maneira equitativa e recupere dereitos e liberdades”.

Pepe Álvarez realizou estas declaracións durante o encontro informativo para presentar as prioridades do sindicato para 2020, onde sinalou que “a música do programa de goberno de PSOE e Unidas Podemos soa ben pero necesita unha ampla negociación que nos permita unha letra que nos axude a recuperar o perdido e resituar ao noso país nunhas mellores condicións para abordar o futuro”.

Unha letra que pasa, necesariamente, por derrogar as reformas laborais de 2010 e 2012. “O problema número un da economía é o desemprego. Máis de 3,2 millóns de desempregadas e desempregados, unha situación de precariedade laboral insoportable (case un 27% de temporalidade) e unha duración dos contratos cada día menor fan imprescindible unha solución inmediata”.

Neste sentido, reclamou a derrogación das reformas laborais como “elemento fundamental para recuperar a dignidade no traballo e a igualdade. É o momento. Hai xa novo Goberno cun programa de progreso positivo. Ese programa debe contar co máximo consenso social posible e

converterse nun instrumento para eliminar os problemas das persoas”.

Propostas inmediatas

En calquera caso, Pepe Álvarez reclamou unha serie de medidas urxentes a tomar:

1) Un plan de emprego que xere actividade de maneira inmediata, que faga fronte á precariedade, temporalidade, novas formas de emprego e tamén ao cambio climático. A derrogación das reformas laborais é condición necesaria para entrar a acordar un novo Estatuto dos Traballadores.

Este novo Estatuto debe contar “coa derrogación por decreto do artigo 52.d), que permite despedir con baixa médica. Cando hai inxustizas pouco discutibles deben cortarse de raíz. Gustaríame que se derrogase no primeiro Consello de Ministros. Un artigo que se está fomentando nas empresas de maneira inhumana. Para UGT, falta humanidade por parte de CEOE por non reprochar ás empresas que despedisen a miles de traballadoras de maneira abusiva e indecente aproveitándose deste artigo. Debería pensar máis nas persoas, máis aínda cando no IV AENC hai un compromiso de crear o Observatorio do Absentismo, que debería estar a funcionar e achegarnos aos elementos necesarios para tomar as medidas oportunas. Non protexemos a ninguén que non mereza protección. Este país non se pode converter nunha xungla do despedimento”.

2) Recuperar a negociación colectiva, “co fin de recuperar os salarios, a riqueza e o consumo”. Ademais, considerou imprescindible rescatar a ultraactividade e o convenio sectorial por encima do de empresa. Tamén é fundamental que a Administración recupere o trámite previo para autorizar os ERE”.

3) Actuar contra a contratación precaria. “Dotar de medios materiais e humanos á Inspección de Traballo, pero tamén facer leis sen trampas. Cando se fagan as reformas que hai que facer, hai que pechar as portas a que a contratación temporal sexa a contratación ordinaria no noso país”.

4) Abordar un novo SMI. “O Goberno deberíanos chamar de maneira inminente para acordar o Salario Mínimo Interprofesional (SMI) de 2020. É imprescindible que cheguemos ao 60% do salario medio ao final desta lexislatura”.

Neste sentido, lembrou que “temos a vontade expresada por Pedro Sánchez cando era candidato de que iso se levaría a unha mesa de negociación, na que creo que teríamos que resolver de maneira urxente o aumento para 2020 e como se aplica o incremento do SMI ata 2023, para situalo ao 60% do salario medio, que hoxe en día é de 1.150 euros”.

5) Un sistema fiscal xusto e equitativo. “Redistribución da riqueza vía impositiva. As reformas que van no programa de goberno teñen que incluír a loita contra a fraude fiscal. Situar aqueles elementos que impidan

Continúa na páxina seguinte...

...vén da páxina anterior.

que, a través das leis, permítase que se perpetúe a “fraude fiscal legal”. As propostas de aumentos de impostos do Goberno parécenme moi moderadas. Non se pode dicir que as clases medias son os que superan os 130.000 euros de ingresos. Subírlles o IRPF aos que teñen máis ingresos é un elemento de xustiza social para facer fronte ás necesidades das persoas que non teñen nada. Multiplicouse por cinco o número de ricos durante a crise e, paradoxicamente, tamén aumentaron as persoas que viven entre cartóns, aínda que teñan un traballo”.

6) Acabar co dumping social entre comunidades autónomas. “O proceso de debate de financiamento das comunidades autónomas debe instaurar a igualdade entre os cidadáns e cidadás”.

7) Derrogar a reforma das pensións de 2013. “Debería facerse por decreto e sen demasiadas negociacións, igual que se puxo en marcha por parte do PP. Tense que volver ao Acordo Social de 2011 sen dilación. O ano 2023 está preto e pódese prorrogar o factor de sustentabilidade, e os pensionistas aínda non viron aumentada a súa pensión este ano. A partir de aí, queremos negociar unha Seguridade Social reforzada, con recursos suficientes para facer fronte ás obrigacións que ten e que nos permita acometer outros problemas de carácter social, como as prestacións por desemprego. É relevante que o programa de goberno recolla o ingreso mínimo vital, pero deberíase recuperar a ILP que presentamos hai anos e que dorme no Congreso dos Deputados”.

8) Unha vivenda digna para todas as persoas. “O Goberno debe facer un plan de vivenda que acabe coa situación que se vive sobre todo nos grandes núcleos urbanos, que impide que as persoas teñan acceso a unha vivenda digna. Hai que evitar desvergoñas como os pelotazos dos fondos voitre. Isto tense que acabar. Que calquera traballador ou traballadora teña dereito a optar a unha vivenda con garantías e sen superar o 25% dos seus ingresos”.

9) Transición ecolóxica. “Para nós, é un debate inaprazable. Loitar contra o cambio climático non é unha opción, é unha necesidade. É un bo momento para falar dunha transición xusta, sen deixar a ninguén no camiño. Que nesta lexislatura haxa un proxecto ambiental, enerxético e in-

dustrial que leve adiante esta transición”.

10) Intensificar a campaña en defensa da igualdade. “Imos facelo como sindicato feminista. Canto máis ladren, nós máis cabalgaremos. Canto máis tenten impedir que falemos da violencia asasina machista, o acoso ás mulleres ou a falta de igualdade no traballo, máis traballaremos para eliminar esta secuela. O colectivo LGTBI non debe sufrir ningún tipo de agresión e debe vivir de acordo coa maneira que queira, sen que ninguén lle moleste. É o momento de consolidar, fronte unha ultradereita que vén para recortar igualdade, máis dereitos e liberdades”.

Un seguro de emprego e un SMI europeos

O secretario xeral de UGT considerou que o ano 2020 “vai marcar pautas no futuro do noso país e a nivel internacional tamén. Iniciamos este ano cunha nova Comisión Europea, un novo Parlamento Europeo e un membro menos na Unión Europea. A idea da Comisión é unha política de máis Europa, que acentúe os aspectos sociais. Neste sentido, todo o movemento sindical europeo inicia o ano convencido de que se teñen que empezar a visualizar os mecanismos para poñer en marcha “un seguro de desemprego para o conxunto da UE e un SMI europeo”.

Ademais, lembrou que “o Banco Central Europeo estrea presidenta, que debería poñer en marcha políticas que nos axuden a recuperar riqueza e emprego. Hoxe non está tan claro que a UE vaia a entrar en situación de crise, máis ben parece que se afasta. Non hai que confundir baixadas de crecemento con entradas en recesión. Alemaña ou Italia empézanse a recuperar”.

Con todo, a guerra comercial de EEUU e China “non decae, e isto é máis preocupante. Ademais, a incursión do país norteamericano en Oriente Medio é insoportable e irresponsable. Os europeos témonos que levantar porque nos toca. A UE ten que ter unha posición activa para frear os pés a este novo movemento militarista tan negativo”.

Para Pepe Álvarez, “no aspecto social hai máis nuboeiros. Xenofobia, racismo e fascismo avanzaron de maneira dramática. Pero unha maioría queremos construír unha so-

cidade xusta, igualitaria e de homes e mulleres libres. E témolo que conseguir”.

CEOE non está preocupada pola economía, senón polos seus intereses

O secretario xeral de UGT non entende as queixas da patronal CEOE ás medidas contidas no programa do novo Goberno. “Son medidas que, en moitos casos, negociaron eles antes coas organizacións sindicais e asinaron acordos neste sentido”.

Neste sentido, manifestou que “eles asinaron o Acordo Social de 2011 co Goberno e connosco e agora non queren que derroguemos a reforma de pensións de 2013 para volver a ese acordo. Ou se queixan pola subida do SMI a 1.000 euros, cando asinaron o IV AENC, que inclúe que ningún convenio estea por baixo dos 1.000 euros en 2020”.

“CEOE non está preocupada pola economía española”, sinalou, “polas necesidades das persoas, senón por ver se algún dos seus representados vai poder continuar despedindo da maneira que o fan, vai continuar tendo os beneficios escandalosos que teñen, ou vantaxes fiscais. As medidas non van ir contra o crecemento económico, senón, ao contrario, por un crecemento máis serio, con bases máis sólidas”.

O Congreso Confederal de UGT, do 24 ao 27 de novembro en Valencia

O secretario xeral de UGT tamén lembrou que este ano 2020 “celebramos o Congreso Confederal de UGT, que será en Valencia do 24 ao 27 de novembro. É un Congreso moi importante. Saímos dun proceso difícil e complexo para os sindicatos. Estes 4 anos permitíronnos tomar nota, actuar para adecuar as estruturas do sindicato ás novas demandas da sociedade e hai que seguir avanzando”.

Neste sentido, lembrou que “é a segunda vez en democracia que UGT fai o Congreso fóra de Madrid, a primeira foi en 1978 en Barcelona. Queremos que o Congreso Confederal percorra as comunidades autónomas. Contará con 800 delegados e delegadas e temos a previsión de congregar a 5.000 persoas entre delegados e delegadas, afiliados e afiliadas, convidados e invitadas, organización, medios, etc”.